

A que arrecenden as aulas?



Rosa Ana Freire Calviño

IES Punta Candieira – Cedeira

rfreire@edu.xunta.gal

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 56-58

“Deixarse levar pola luz que desmonta as ideas...”

Cedeira. Guadi Galego

Pensar o ensino. O pensamento, a facultade cognitiva que nos fai humanos, que acredita o que somos, que está chea de futuro. E que pouco se fomenta nas aulas!

É verdade que permanecemos sempre alerta, agardando directrices que constrúan o ensino que queremos. Esa procura, ou esperanza va, se nos debemos fiar dos feitos, esgota as posibilidades de medrar. Non hai deseño curricular perfecto. Non é novidade que as leis educativas son case mutantes, con brazos múltiples que despistan máis que orientan. Sempre se fala de consenso neste eido, consenso que nunca chega porque os modelos educativos mudan antes de concretarse por outros que seguen a mesma inercia. Porén, a deriva véñse encamiñando nos últimos anos a un modelo neoliberal que concibe os centros de ensino como empresas e os alumnos como clientes. A produtividade como estandarte que se agacha debaixo do modelo de aprendizaxe e de adquisición de competencias. A competitividade como bandeira coa escusa da preparación para un mundo laboral hostil. Que queda, logo, da aprendizaxe integral?

Sen deixarse levar pola nostalxia, a etimoloxía serve para redefinir cuestións de calado que van máis aló dos propios conceptos. Pensar a palabra ‘seminario’ que mudou de xeito impreciso pola de ‘departamento’. Mudar un lugar onde a semente agroma e se disemina por un lugar onde se parcela. Cun modelo de prácticas confrontadas que van calando ata normalizarse. Ser de letras ou de ciencias, ser de Bacharelato ou de Formación Profesional, de Primaria ou Secundaria. Ese impulso tan asentado de deostar o que realmente só se amosa descoñecer. Onde anda a diversidade?

Defendía Heráclito o *pólemos*, a identidade dos opostos que conflúen e se identifican nun devir constante. As falsas dicotomías confrontan pero non devenen, son unha visión reduccionista inimiga da transversalidade. Competitividade,

expediente, itinerarios... eixo vertebrador dun ensino cada vez máis fragmentado. A institución que fagocita a escola, da mesma maneira que fai a ideoloxía do éxito coa aprendizaxe.

Pero o mundo aí fóra é diverso e múltiple, ás veces amable e moitas outras adverso. Somos quen de reflectilo na aula? Ou vimos creando unha burbulla que non é parella á realidade? Para que ensinamos? Para quen? A vida máis aló do currículo é posible.

Volvemos, pois, ao pensamento, ese valor tan poderoso. Pensamento crítico e autónomo, un valor do que se vén falando dende tempos da Ilustración. Porén, aínda que aparece nos preámbulos das leis educativas, nos decretos e nos discursos, é unha realidade? Se un asiste a unha xunta de avaliación, a un claustro de profesorado ou a calquera xuntanza de órganos docentes, debería responder que non. A burocracia é coma un mar de plástico que medra de forma incontrolable e que non trae vida. Vai á deriva, sen un destino claro, pero co perigo claro de abordaxe e afogamento.

Porén, no mundo do ensino público existen faros que iluminan o horizonte, que nos permiten albiscar a costa, arribar sen perigo. Iniciativas individuais, de grupo, de colectivos que introducen nas aulas un pouco de osíxeno. Que establecen conexións e crean comunidade máis aló das paredes dos centros. Xente que cre que outro ensino é posible. Proxectos.

“Son libre porque leo, porque sei, porque coñezo, porque penso. A palabra é a chave da liberdade”. Este apuntamento co que nos agasalla Fran


Alonso no seu *Street Poems*, reflicte o que é o faro que máis ilumina nos nosos centros de ensino: as bibliotecas. Pensamento, lectura e coñecemento. As bibliotecas son un reduto diverso, un lugar de espaxamento, espazos de acubillo, onde calquera cousa é posible. Un corazón que palpita. Nacen e desenvólvense nelas proxectos que non teñen outro refuxio. Pero non son unha illa. Aprenden a pensar dun xeito diferente. Os plans que se desenvolven para potencialas, dende o LÍA ata o PLAMBE veñen conformar unha rede tecida con moito mimo para salvagardar o máis valioso. Bibliotecas vivas, inclusivas, que argallan proxectos entre comunidades, cos centros de Primaria, con axentes sociais diversos e que potencian a lectura, forman usuarios, dan vida aos clubs de lectura e ás alfabetizacións múltiples. Aprenden a buscar información con criterio e a referenciala. A discernir. Quen non asocia o arrecendo dos libros cos mellores momentos pasados nas aulas? Pois a biblioteca ten un arrecendo permanente que abre as portas da imaxinación e do coñecemento e da comunicación. A



Radio Escolar como canle e instrumento que ensina a dramatizar, que emprega a lingua como base dun pensamento autónomo. A palabra, sempre a palabra.

O ensino, ou noutras palabras, o proceso de ensino-aprendizaxe, debe ser integral e integrador, transversal, creativo e, por que non, divertido. Veñen introducíndose, de xeito paulatino pero constante, os traballos por proxectos nas aulas e nas bibliotecas. Traballos que integran, son interdisciplinares e mesmo intercentros e que axudan a unha interpre-





tación coherente das aprendizaxes. Unha concepción afastada das clases maxistras, onde os coñecementos se parcelan. Esta metodoloxía aglutina e relaciona e, sobre todo, aprende a integrar. Os proxectos afástanse das propostas dos textos únicos, inmóbiles que sustentaban un ensino rixido de verdades absolutas. Non había lugar para a crítica nun texto e para quen o transmitía: o profesor. O erro que se castigaba, e aínda castiga, forma parte dun proceso de aprendizaxe, axuda a avanzar.

As iniciativas propostas nos traballos por proxectos transfiren aprendizaxes e integran o que está máis aló da aula. Outro faro.

Máis faros. Proxectos que transcenden fronteiras, que dan oportunidades aos alumnos e alumnas para realizaren prácticas noutros países, a Formación Profesional, ese ensino tan deostado noutros momentos e que cobra forza grazas ao traballo de profesorado e alumnado. Alumnos Erasmus que cambian a súa mirada. Non hai renuncia.

Non quere ser este artigo máis que unha reflexión de alguén que leva 55 anos nas aulas, deles, 34 como docente. Non se trata, pois, de cinguirme a experiencias concretas, senón

máis ben de exemplificar para sostener un percorrido que se foi iluminando coa luz de moitos faros. Quedan sombras, como non, pero que sería da luz sen sombra? Como se dicía ao principio, son opostos que conflúen e que conforman o devir do mundo. Só é unha reflexión persoal, unha achega para a diversidade que segue a ser múltiple e diversa, e mesmo contradictoria a veces. Porque unha nunca está segura de que o camiño que emprende sexa o que a vai levar a porto seguro. Mesmo, ás veces, deixámonos levar pola marea porque resulta máis doado e máis cómodo. Pero a pesar deses paradoxos, e como dicía Whitman, somos amplos, contemos multitudes e non rexeitamos o dereito á contradición. Benvida sexa! ■



REFERENCIAS

- GALEGO, G. (2016) Cedeira. En *O mundo está parado*. [CD] Cangas do Morrazo: Fol Música
- ALONSO, F. (2018) *Street Poems*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia